

TRADICIÓN ▶ Montar o belén é un sinal inequívoco da chegada do Nadal, tempo de vacacións, xuntanzas familiares... Cada figura ponse con esmero, para ser ollada por un mesmo e tamén para sometela ao xuízo das miradas alleas. E sempre hai un oco para a sorpresa.

O máis clásico dos clásicos do Nadal

TEXTO: CRISTINA PÉREZ
FOTOS: ROCA/MANCEBO/ARIAS/PÉREZ

BELÉN SÓ HAI UN pero representacións deste, todas cantas se queira e ata onde chegue a imaxinación. Parafraseando a

un coñecido personaxe dunha película infantil, «ata o infinito e máis alá». Os veciños da comarca chairega non fan ser menos e cada parroquia, asociación, concello ou empresa fai a súa persoal contri-

bución á escenificación por excelencia do Nadal: o nacemento.

O clásico entre os clásicos, ata o punto de que se adoita dicir que con el se abre o Nadal na Chaira, é o belén electrónico de Begonte, un

nacemento ideado por José Rodríguez Varela 'Joselín' e por José Domínguez Guizán, que trascendeu aos seus creadores ata converterse nun referente en todo Galicia, cunhas 40.000 visitas nos dous meses que permanece aberto ao público, dende o gran acto inaugural do pasado 7 de decembro, co pregón do letrado vilalbés Domingo Goás, ata a clausura, fixada para o 25 de xaneiro de 2014.

Vai pola edición número 42, dende que no 1972 abriera por primeira vez as súas portas, e ao seu redor foron xurdindo múltiples iniciativas, coma o certame galego de arte e os concursos de xornalismo, poesía e debuxo infantil, ou a mostra itinerante 'Imaxes do Nadal'.

O belén electrónico de Begonte é o santo e sinal do Nadal chairego, pero está moi lonxe de ser o único que merece unha ollada. Hai propostas para todos os gustos, den-

Begonte Un nacemento en movemento

O belén electrónico de Begonte leva máis de catro décadas a pór en valor a vida no rural galego, nun ciclo de noite e día, raios, tronos ou neve que se van sucedendo ante as atentas e ilusionadas olladas do público.

O máximo posible

O belén conta cun cento de figuras, a metade articuladas, e ocupa uns 80 metros cadrados, o máximo posible que permite o local no que se atopa, no centro cultural José Domínguez Guizán.



Escolares, no belén de Begonte.

de recreacións que caben na palma da man ata macrorepresentacións que precisan máis dunha visita para quedarse con todos os detalles.

Non faltan as tradicionais recreacións viventes, como, por exemplo, a que cada ano se fai en Meira e a que recuperaron no colexio da Fraga das Pontes, e tampouco as propostas vangardistas, coma o portal sometido a un desfiuzamento en Momán (Xermade), onde se reproducen, a pequeno tamaño e no universo de Belén, os principais conflitos da sociedade actual.

Uns e outros serven para manter vivo o espírito do Nadal, para mergullar a pequenos e a grandes no mundo da ilusión e para esquecer, aínda que só sexa nos 15 minutos que dura un pase do belén begontino, a realidade que toca vivir.

Mañá e tarde

O belén de Begonte, que recibe unhas 40.000 persoas cada Nadal, pode visitarse ata o día 25 de xaneiro

Complementos

O centro cultural José Domínguez Guizán organiza concursos de xornalismo, debuxo infantil, arte e poesía

